

**Sociedade Galega do Medio
Ambiente, S.A.
SOGAMA**

1.- INTRODUCCIÓN

Os orzamentos da Sociedade Galega do Medio Ambiente para o ano 2007 elaboráronse en base ao mellor coñecemento actual dos parámetros que interveñen nos mesmos.

2.- ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

2.1.- INGRESOS

A continuación descríbense, de forma somera, as hipóteses de partida utilizadas na elaboración do orzamento de ingresos para o ano 2.007.

2.1.1. Ingresos por vendas netas

Ingresos por venda de enerxía eléctrica (Vendas Nacionais).

Realizouse unha estimación dos prezos de venda de enerxía para cada unha das instalacións de produción a partires de diversas fontes do mercado. Durante o 2007 é moi probable que o prezo de venda da enerxía continúe en cotas semellantes ás que se deron durante o ano 2006 e incluso lixeiramente superiores pola evolución do prezo dos combustibles (carbón, petróleo e gas) que teñen un importante peso, debido a mix de xeración nacional, no mecanismo de formación de prezos do pool. Este incremento dos prezos leva un aumento dos ingresos por venda de enerxía que ten a súa lóxica contrapartida no aumento dos gastos de adquisición de combustibles.

Coma no ano 2006, todas as instalacións percibirán a suma do prezo de mercado, prima, incentivos se complementos en virtude do recollido no RD 436/2004.

- O prezo medio do mercado, Pm, estimouse mes a mes, co perfil de prezos de mercado de xaneiro - agosto 2006 e setembro - decembro 2005 e tendo en conta que a estimación de prezo medio de mercado anual é de 5,60 cent.€/kWh, incluída a garantía de potencia.
- Supúxose un incremento das primas e incentivos en cada instalación equivalente ao 4,42% das percibidas no 2006 debido á revisión do 1,38% das tarifas que se produciu en xuño de 2006 e a unha estimación do 3,00% adicional para a revisión de tarifas a realizar en Decembro de 2006.
- A raíz da publicación do Real Decreto Lei 7/2006 do 23 de xuño polo que, no seu artigo 16 elimínase a Disposición Transitoria Sexta da Lei 54/1997 de 27 de novembro, a prima + incentivos aplicables á PCOG redúcense do 25 % ao 20% para o ano 2007.
- Deste modo, obtéñense unhas primas + incentivos de 2,398 cent.€/kWh na PTE e de 1,599 cent€/kWh na PCOG.
- Os desvíos estimáronse en base á experiencia de anos anteriores en Sogama.

Baixo estas premisas, e tendo en conta as incertezas asociadas aos mercados de combustibles que se presentan na actualidade e que afectan en gran medida aos prezos da electricidade, estimouse un

prezo medio de venda de 8,00 cent.€/kWh na PTE e de 7,20 cent.€/kWh na PCOG, valores que superan notablemente os previstos para estes parámetros no Plan de Viabilidade da Sociedade.

Por outra parte, realizouse unha estimación dos parámetros principais de dispoñibilidade, produción bruta e produción neta,

Tal e como se indicaba anteriormente e como consecuencia da probable evolución dos prezos do gas, obtida a partir de diversas fontes do mercado polo escenario internacional actual, estimouse que o prezo do mesmo se sitúe en 2,8527 cent.€/kWh fronte a un prezo real do ano 2006 de 1,87110 cent.€/kWh.

É por isto que se orzamentou o funcionamento de 5 dos 6 motores da PCOG en base, xa que o funcionamento desta instalación pasará a ser deficitario para a conta de resultados, pero necesario para poder facer o proceso de secado de CDR.

A enerxía neta total producida estímase en 108.284 GWh na PCOG e 320.022 GWh na PTE, cuxa suma supera os valores de explotación previstos no Plan de Viabilidade (424.750 GWh).

Ingresos por Canon de tratamento de Residuos Urbanos (Prestación de Servizos).

Suponse un Canon de tratamento de 48,50 €/Tm de RU que se obtén de aplicar o incremento do IPC esperado, do 3,00% ao Canon real de 2.006, de 47,09 €/tm.

En canto á cantidade de residuos a tratar, fíxose unha proxección baseada nas cantidades reais xestionadas no período xaneiro – xullo de 2.006 e agosto – decembro de 2.005 cunha taxa lixeiramente superior ao incremento interanual do PIB (estimado nun 3,5%) e a evolución natural dos clientes actuais. Polo tanto, a taxa de incremento contemplada no orzamento foi dun 4,0 % e unha previsión de 923.017 Tm para o ano 2.007.

Ingresos por recollida, clasificación e valorización de envases lixeiros (Prestación de Servizos).

No ano 2007, e con motivo da firma da addenda ao convenio subscrito entre Ecoembes e a Xunta de Galicia, desaparece a intermediación de SOGAMA na prestación do servizo de recollida selectiva realizada polos concellos con medios propios e a recollida doutros plans. Este feito ten o seu reflexo nos orzamentos cunha diminución, tanto dos ingresos como dos gastos.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose unha cantidade de envases a xestionar por Sogama de 16.848 Tm para o ano 2.007, estimada en base á recepción actual e o incremento interanual previsto.

Así mesmo, espérase superar a cifra de 7.000 Tm anuais de metais férricos recuperados na PRTE procedentes da bolsa negra e unhas 200 Tm de aluminio.

En canto á valorización enerxética de envases, suponse un contido do 12,50 % en envases na bolsa negra e uns factores de compensación

do 58,0% (a fixar por Ecoembes) así coma un fondo de valorización (porcentaxe que percibe Sogama) do 70,0%.

Todo isto supón unha redución importante dos ingresos de Sogama neste concepto, pois o fondo de valorización a percibir por Sogama fixarase no 100% no Plan de Viabilidade.

Coa posta en explotación do novo vertedoiro e como consecuencia dos requisitos legais aplicables ao mesmo, destaca neste apartado a posta en marcha – previsto para o mes de xullo- dunha planta de recuperación de metais nesta instalación que suporá a valorización dunhas 6.400 Tm adicionais de Fe e unhas 620 Tm de Al. O ingreso obtido pola venda destes metais estimouse en 395.500 €.

Ingresos por tratamento de residuos animais (MER) (Prestación de Servizos).

Supúxose unha cantidade de cadáveres a xestionar por Sogama igual a realmente xestionada durante o 2006, isto é, de 504 Tm anuais para 2.007. Así mesmo, o prezo de tratamento orzamentouse en 247,00 /Tm equivalente ao facturado durante o 2006 coa actualización de prezos do 3,00% anteriormente indicada.

Consecuencia de todo isto, é a redución do nivel de ingresos con respecto ao previsto no Plan de Viabilidade e que sitúa esta instalación do CMC moi por debaixo do limiar de rendibilidade.

2.1.2. Ingresos financeiros e asimilados.

Neste capítulo, orzamentanse os ingresos varios que se relaciona na continuación:

Ingresos Financeiros (xuros).

Orzaméntase unha cantidade de 787. 099 €, que se obteñen da remuneración da conta ao servizo da débeda, de acordo ao establecido no contrato de Project Finance e do ingreso, en concepto de xuros de demora, polas sentenzas de Devolución do IVE estimado en 585.000 €.

Repercusión de gastos a provedores (Outros).

Este capítulo recolle os gastos realizados por Sogama, que se repercuten a distintos provedores, segundo os contratos en vigor: consumo de enerxía, teléfonos, seguro de instalacións, depuración de augas, etc. e outros ingresos. Por todos estes conceptos estímase un importe de 847.180 €.

Aplicación de las provisiones (Outros).

Prevese realizar unha aplicación de parte das provisiones realizadas en exercicios pasados do actual vertedoiro de Areosa en concepto de gastos posteriores á clausura do vaso de vertido actual, trala apertura dun novo vaso que se prevé realizar a principios de 2.007. Estimase un importe de 550.000 €.

Ingresos a distribuír en varios exercicios.

Refírese basicamente á periodificación, como ingresos, das subvencións de capital, obtidas para a construción do Complexo (Bruxelas), para a construción da planta de tratamento de residuos animais (Xunta de Galicia) e para a implantación de medidas ambientais de la P.T. de Vigo (Concello). Estímase un importe de 3.309.510 € para o ano 2.007.

2.1.3 Desvíos Positivos de Enerxía.

Recolle os importes da enerxía xestionada no mercado intradiario como consecuencia dos posibles desvíos con respecto á produción diaria programada. Este capítulo terá unha contrapartida no correspondente epígrafe de gastos, non afectando de forma substancial ao resultado. Orzamentáronse 2.070.874€

2.2. GASTOS

O orzamento de Gastos realizouse en base ás necesidades de subministrados, transporte, operación e mantemento das instalacións para os réximes de funcionamento descritos e en base ás cantidades de residuos e enerxía que se prevé xestionar en 2.007. Descríbense, a continuación, os aspectos fundamentais de cada un dos capítulos.

2.2.1. Gastos de Persoal.

O orzamento de gastos de persoal de Sogama desenrolouse para o ano 2.007, en base aos custos do cadro de persoal que xorden do actual organigrama, tendo en conta un incremento salarial medio do 2,00% e os custos de Seguridade Social.

2.2.2. Amortizacións

Orzamentáronse 10.036.824 € para o ano 2.007, o que supón unha variación do 3,62 % con respecto ao 2006 debido aos efectos contables no inmovilizado da sentenza favorable a SOGAMA relativa ao IVE soportado nos activos financiados con subvencións de capital.

2.2.3. Provisións

Dótase unha provisión por valor de 601.012 € para 2.007 ca fin de facer fronte, no futuro, aos gastos ambientais de depuración, de conservación e mantemento das instalacións do novo vertedoiro de Areosa unha vez se clausure este e cuxa explotación comercial comezará no 2007.

Orzamentáanse tamén, como gastos, 550.000 € para facer fronte no 2.007 ás obrigacións legais de mantemento e conservación das instalacións do vertedoiro anterior, trala súa clausura.

2.2.4. Servizos exteriores

O orzamento de Servicios exteriores aumenta nun 18,60% con respecto ao orzamentado do 2006 polas causas que se detallan a continuación.

Por un lado sitúanse as proporcionais á evolución dos principais parámetros de explotación como son a variación do IPC previsto (3,00%) e, por outro, o incremento de residuos urbanos a xestionar (8,72%).

Por outro lado, as correspondentes a factores que, se ben están vinculados á explotación, teñen unha forte dependencia de causas externas.

Os apartados que adquiren especial relevancia no exercicio 2007 son as partidas de gasto asociadas á xestión do vertedoiro, transporte e combustibles.

No caso do vertedoiro, o aumento das Tm que se xestionan no mesmo (estímanse máis de 430.000 Tm para o 2007) e o aumento de custos debido á aplicación do convenio do CMC, elevan esta partida en 1.600.175 € (37,9 %) con relación ao orzamentado no 2006.

O transporte, debido ao incremento das toneladas de RU xestionadas e a aplicación da fórmula de revisión de prezos en vigor, eleva o orzamento desta partida en 1.483.472 € (13,4%).

No caso dos combustibles débese ter en conta o distinto escenario que se está prodando na actualidade con respecto ao de finais do ano 2005 e que xa tivo consecuencias na evolución do prezo dos combustibles durante o ano 2006.

Como se indicou no apartado de ingresos, o incremento previsto do prezo do gas (2,8527 cent.€/kWh) con respecto aos prezos do 2006 tanto reais (1.8711 cent. €/kWh, +52,5%) como orzamentados (1,3500 cent. €/kWh, + 111,3%), produce un incremento do orzamento por este concepto de 7.052.668 € (+92,8%). Este aumento do gasto compénsase parcialmente co incremento previsto dos ingresos por venda de enerxía. A lexislación vixente e a nova Autorización Ambiental Integrada que se está tramitando na actualidade para a apertura do novo vertedoiro, motivan a aparición dun novo gasto –estimado a partir de xullo de 2007 – asociado á xestión da planta de pretratamento do novo vertedoiro de 827.434 €.

Incluíronse varias partidas de ingreso – gasto nos orzamentos que, aínda que non influirán substancialmente no resultado, permiten realizar mes a mes un seguimento mais axustado dos valores orzamentados.

Basicamente, ditas partidas son:

- a) Ingreso-gasto a contabilizar por Sogama correspondente á compra-venda de enerxía nos mercados intradiarios, etc. Como consecuencia da xestión e programación da enerxía diaria producida.

- b) Ingreso-gasto a contabilizar por Sogama correspondente á aplicación das provisións do vertedoiro, por valor de 550.000 € para 2.007.

2.2.6. Tributos.

Orzamentáanse neste capítulo dos tributos a que debe facer fronte a Sociedade no normal exercicio da súa función. Deste modo, recolleuse para todas as instalacións, no ano 2.007, o imposto de actividades económicas (I.A.E.), o imposto sobre bens inmobles (IBI), a cota asociada á moratoria nuclear nas instalacións de produción de enerxía (PTE, PCOG e Biogás) e a taxa xirada polo Concello de Cerceda, contemplada no convenio subscrito co mesmo en Febreiro de 2006. Orzamentouse para 2007 un importe de 1.757.122 €.

2.2.7. Gastos Financeiros e asimilados.

Neste capítulo, orzamentáanse os gastos correspondentes a:

- a) Xuros de préstamos e créditos.
- b) Gastos a distribuír en varios exercicios.

O cálculo dos xuros de préstamos e créditos realizouse de forma simplificada aplicando ás cantidades pendentes de amortizar en 2.007, que ascenden a 100.961.324 € (Project Finance) e 25.729.328 € (Débeda subordinada), o tipo asegurado no Contrato Swap para o 90 % da débeda coas entidades financeiras (3,42%) e supoñendo o euribor medio de 3,50% así coma un diferencial medio de 1,10%.

En canto aos gastos a distribuír en varios exercicios, recóllense as previsións para 2.007, resultantes da periodificación dos gastos realizados, principalmente, para a implantación do Complexo Medioambiental de Cerceda e a recollida selectiva de envases, por valor de 687.363 €.

2.3. RESULTADO

Nas condicións indicadas no presente documento, obtense un beneficio antes de impostos de 4.545.843 €. Xa que no ano 2.007 prevíronse beneficios fiscais pola desgravación medioambiental de investimentos por un importe total de 300.000 €, o imposto de Sociedades ascende a 1.291.045 € e un beneficio despois de impostos de 3.254.798 €.

3.- ORZAMENTO DE INVESTIMENTOS

TIPOLOXÍA E IMPORTE DOS INVESTIMENTOS.

O Orzamento de investimentos para o ano 2.007 elaborouse ca fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións.

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as actuacións que se propón realizar.

- Inversións de substitución, renovación e seguridade.

Inclúense neste apartado os investimentos destinados a reformas e substitución de equipos do Complexo Medioambiental de Cerceda que permitirán a continuidade do proxecto. Tamén se incluíron as actuacións que é imprescindible acometer no campo da seguridade de persoas e instalacións como consecuencia de novas esixencias na materia.

O importe orzamentado, de 460.315 €, acomódase ao límite permitido no contrato de financiamento Senior do Proxecto, fixado polas entidades financeiras en 600.000 €/ano.

- Investimentos para a mellora de resultados.

Neste capítulo orzamentáronse aquelas actuacións que, ben pola vía da mellora da dispoñibilidade, ben pola diminución de gastos, permitirán mellorar o funcionamento e, por tanto, os resultados da Sociedade. O investimento estimado por este concepto é de 993.441 €.

- Investimentos para a Ampliación.

Durante 2007 vai ser necesario acometer a ampliación de diversas instalacións xa sexa por requisitos legais (Nova planta de recuperación no Vertedoiro de Areosa 1.200.000 €) ou por cuestións operativas (Ampliación do vertedoiro de Cinzas da PTE 1.000.000 €).

Adicionalmente preveuse a entrada en funcionamento dunha planta de recuperación de Vidro na PRTE (400.000 €).

Todo isto, xunto coas novas oficinas de Santiago de Compostela, motivan que o orzamento por este concepto sexa de 2.750.000 € para o ano 2007.

4.- ORZAMENTO DE CAPITAL

O orzamento de capital recolle o cuarto exercicio, neste aspecto equilibrado da Sociedade.

Deste modo o orzamento de capital recolle:

- Orixe de fondos: 15.938,49 Miles de euros
- Aplicación de fondos: 15.494,24 Miles de euros
- Aumento do Capital circulante: 444,25 Miles de euros

A Orixe dos fondos baséase en:

CONCEPTO	Miles de Euros
Recursos xerados polas operacións	11.270,49.- M€.
Subvencións de capital	480,00.- M€
Financiamento alleo a longo prazo (empréstitos)	3.500,00.- M€
Cancelación ou traspaso a curto prazo de inmovilizacións financeiras	688,00.- M€
TOTAL ORIXE DE FONDOS	15.938,49.- m€

A aplicación de fondos anterior distribúese como segue:

- Adquisición de Inmovilizado: 4.203,76 Miles de euros

Co seguinte desgrego:

CONCEPTO	Miles de Euros
Complexo Medioambiental de Cerceda	3.003,76
Depósito Temporal	1.200,00
TOTAL ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	4.203,76

- Distribución de Dividendos 2.877,05 Miles de euros
- Cancelación ou traspaso a curto prazo de débeda 8.413,44 Miles de euros

Total Aplicación de fondos 15.494,24 Miles de euros

5.- CONCLUSIÓNS

En base a todas as consideracións recollidas no presente documento, cabe extraer as seguintes conclusións:

“O orzamento de explotación para o ano 2.007 cumpre o Plan de Viabilidade da Sociedade, no que ao resultado se refire. Se ben os capítulos de tratamento de residuos animais e de residuos de envases presentan unhas estimacións de ingresos inferiores ás recollidas en dito Plan, este efecto compénsase por unha maior cantidade de residuos urbanos, e un maior prezo de venda de enerxía que se espera obter en 2.007. Se este prezo sufrise unha redución conxuntural por debaixo dos valores orzamentados, non podería cumprirse o resultado previsto. Polo cal se considera conveniente persistir nas xestións necesarias ante a Xunta de Galicia e outras entidades ca fin de restablecer os valores de ingresos previstos no Plan de Viabilidade, para o caso de residuos animais e de valorización enerxética de envases, principalmente.

Outro aspecto de vital importancia, dende o punto de vista financeiro é manter o nivel de cobro aos Concellos no nivel do 100% da facturación pois, habida conta dos investimentos que se estima necesario realizar, doutro modo non se obtería o mínimo de 1,25 para o ratio de cobertura ao servizo da débeda o que podería orixinar serios problemas coas entidades financeiras.”

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A

Miles de euros

	DEBE	HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		
APROVISIONAMENTOS	2.647	
GASTOS DE PERSOAL	1.327	
Soldos e salarios	1.063	
Seguridade Social a cargo da empresa	228	
Indemnizacións	0	
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	
Outros	36	
AMORTIZACIÓNS	10.037	
Do inmovilizado material	10.001	
Do inmovilizado inmaterial	36	
De gastos de establecemento	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	601	
Variación das provisións de existencias	0	
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	
Variacións outras provisións de tráfico	601	
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	69.425	
Servicios exteriores	66.376	
Impostos sobre beneficios	1.291	
Outros tributos	1.757	
Outros gastos de xestión corrente	0	
Dotación ó fondo de reversión	0	
GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS	6.439	
De obrigas e bonos	0	
De préstamos e créditos	5.751	
Por descontos de efectos comerciais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0	
Outros	0	
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	687	
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCEIROS	0	
A longo prazo	0	
A curto prazo	0	
SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
GASTOS ORDINARIOS	90.475	
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	3.255	
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIÓNS	3.255	
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	3.255	
+SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
-SUBVENCIÓNS Á EXPLOTACION	0	
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
AUMENTO DAS EXISTENCIAS		
VENDAS NETAS		87.345
Vendas nacionais		36.585
Exportacións		0
Prestación de servicios		50.760
INGRESOS ACESORIOS DA EXPLOTACIÓN		1.739
Alugueiros		0
Outros		1.739
INGRESOS FINANCEIROS E ASIMILADOS		4.647
Dividendos		0
Xuros		787
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes		0
Outros		550
Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados		3.310
SUBVENCIÓNS A EXPLOTACIÓN		0
Da Comunidade Autónoma		0
Doutros Entes Públicos (con detalle)		0
Doutros (especificar)		0
TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO		0
INGRESOS ORDINARIOS		93.730
PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS		0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
ORZAMENTO DE CAPITAL		
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A		Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	11.270	0
Cash-flow actividades ordinarias	11.270	0
Amortizacións	10.037	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	601	0
Gastos e ingresos para distribuír en varios exercicios, aplicados	-2.622	0
Resultado ordinario antes de subvencións	3.255	0
Subvencións netas á explotación	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos extraordinarios	0	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
De sociedades públicas	0	0
Doutros (especificar)	0	0
SUBVENCIONS DE CAPITAL	480	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	480	0
Doutros (especificar)	0	0
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	3.500	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	3.500	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Préstamos doutras empresas	0	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	0
Inmobiliado material	0	0
Inmobiliado inmaterial	0	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONES FINANCIERAS	688	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	688	0
TOTAL ORIXES	15.938	15.494
DIMINUCIÓN CAPITAL CIRCULANTE	0	444
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	0	0
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS	0	0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS	0	0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital	0	0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos	0	0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	4.204	4.204
Inmobiliado material	4.204	4.204
Terreos e construcións	0	0
Instalacións técnicas e maquinaria	4.204	0
Outras instalacións, utensilios e mobiliario	0	0
Anticipos e inmovilizacións materiais en curso	0	0
Outro inmovilizado material	0	0
Inmobiliado inmaterial	0	0
Gastos de investigación e desenvolvemento	0	0
Propiedade industrial	0	0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso	0	0
Outro Inmobiliado inmaterial (especificar)	0	0
Inmobiliado financeiro	0	0
Empresas do Grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
REDUCCIÓN DE CAPITAL	0	0
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS	2.877	1.467
A Comunidade Autónoma	0	1.467
A outros entes públicos	0	0
A sociedades públicas	0	0
A outras (especificar)	0	1.410
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA	8.413	8.413
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	8.413	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Doutras débedas	0	0
De provedores de inmovilizado e outros	0	0
TOTAL APLICACIÓNS	15.494	15.494
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE	0	444
VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	0	444
-Aumento das existencias	0	0
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0	0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	3.256	0
-Aumento debedores das Admóns.públicas	850	0
-Aumento contas financeiras	-5.425	0
-Aumento axuste pola periodificación de activos	37	0
ACTIVO CIRCULANTE	-1.283	0
-Redución das existencias	0	0
-Aumento aced. curto prazo excepto Admóns.públicas	-1.727	0
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	0	0
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0	0
PASIVO CIRCULANTE	-1.727	0
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	0	444

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A	Miles de euros	

	2.005	2.006	2.007
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	16.217	12.533	11.270
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	-3.235	1.189	5.870
Existencias	0	0	0
Debedores excepto Administracións Públicas	3.077	665	3.256
Axustes pola periodificación de activos	-33	-43	37
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	206	-650	850
Acredores de administracións públicas	0	0	0
Acredores excepto administracións públicas	-6.462	1.216	1.727
Axustes por periodificación pasivos	-24	0	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	19.452	11.344	5.401
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	2.157	3.531	4.668
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	0	0	480
Subvencións á explotación	0	0	0
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	418	150	0
Financiamento alleo a longo prazo	1.724	3.381	3.500
Alleamento de inmovilizado	15	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	688
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	21.609	14.875	10.069
Menos : DOTACIÓNS	-17.359	-15.373	-15.494
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	6.165	6.644	4.204
Inmovilizado inmaterial	11	0	0
Inmovilizado financeiro	2.769	316	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Reducción de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	2.877
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	8.413	8.413	8.413
Provisións para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	4.250	-498	-5.425
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	11.220	15.470	14.972
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	15.470	14.972	9.547

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A	Miles de euros	

	2.005	2.006	2.007	
Vendas Netas, prestación de servizos e outros ingresos de explotación	87.064	79.130	89.084	
Máis : Variación de existencias de produtos terminados e en curso	0	0	0	
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	331	0	
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	87.064	79.461	89.084	
Menos : Aprovisionamentos	2.238	750	2.647	
Menos : Gastos externos e de explotación	57.962	58.563	68.133	
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	26.864	20.148	18.303	
Menos : Outros gastos	0	0	0	
Menos : Gastos de persoal	959	1.172	1.327	
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	25.905	18.976	16.976	
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	10.212	10.413	10.037	
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0	
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	601	601	601	
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	15.091	7.962	6.338	
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuír imputados	3.577	4.952	4.647	
Menos : Gastos financeiros	7.051	6.548	6.439	
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	0	0	0	
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	11.617	6.366	4.546	O.K.
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	1.296	0	0	
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado	0	0	0	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	12.913	6.366	4.546	
Máis : Subvencións netas á explotación	0	0	0	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	12.913	6.366	4.546	
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	4.979	2.227	1.291	
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	7.933	4.139	3.255	

